

ENSINANZA E TEATRO NUN CENTRO BILINGÜE

Experiencias do curso 1993-1994

Carmela Domínguez Cuesta

Colexio Español de Londres

(Revisión dunha comunicación presentada no I Congreso Iberoamericano de Teatro, celebrado en Cádiz en outubro do ano 1994)

1. INTRODUCCIÓN: DESCRICIÓN DO COLEXIO

O teatro é un feito cultural, lúdico e artístico que vai, a modiño, adquirindo importancia na vida educativa, á que se incorpora, polo xeral, pola vía das actividades extraescolares. Preténdense analizar aquí as posibilidades do teatro nun centro español no exterior, no que o teatro pode servir, non soamente para dinamiza-la vida escolar, senón tamén como instrumento activo na ensinanza, especialmente no que toca á mellora das competencias lingüísticas.

O colexio Vicente Cañada Blanch de Londres é un centro público español no que concorren diferentes realidades: trátase dun centro integrado, bilingüe e multicultural.

A maioría do alumnado (70% nos primeiros niveis, e 90%, nos superiores) procede da segunda e terceira xeración de emigrantes galegos que chegaran a Inglaterra polos anos sesenta. Estes alumnos, bilingües e trilingües, adoitan usa-lo inglés para falar cos seus amigos e mais cos seus irmáns; o español, mesturado co inglés, para se dirixiren a seus pais, que, pola súa banda, falan entre eles en galego e usan o español, con termos en inglés, para se comunicar cos fillos. O resto complétase cunha porcentaxe menor de alumnos procedentes doutras comunidades autónomas españolas, de Hispanoamérica e de fillos de parellas mixtas, nas que a variedade é ilimitada. O nivel socio-cultural destas familias é, polo xeral, medio-baixo, co que isto supón na sociedade británica, na que o dominio da lingua inglesa vai parello co nivel socio-económico. Queda un número pequeno de alumnos chegados directamente desde España, cun nivel socio-económico bastante máis alto.

Non é difícil imaxinar que, nestas condicións, as interferencias lingüísticas entre as falas que aquí conviven sexan múltiples: A maioría dos alumnos prefiren o inglés para o uso coloquial; cando se trata dun contexto culto, se se acollen ó español fano con frecuentes vacilacións. Así e todo, á hora de escribir, polo xeral, vanse cara ó español, aínda que cunha chea de contaxios do inglés e mais do galego. Cando utilizan o español, as interferencias aprécianse nos diferentes planos da linguaxe: No que toca á fonoloxía, o aspecto máis afectado é a entoación e, na lectura, achéganse á que faría un estranxeiro que lese en español. No plano morfosintáctico, as interferencias aparecen principalmente na colocación dos elementos da oración, en particular do adxectivo; no abuso de pronomes-suxeito e posesivos; nos problemas co valor dos tempos verbais, especialmente do subxuntivo, e mais dos tempos compostos; no uso indebido do xerundio; na inseguridade en usa-las preposicións, e na vacilación na función dos determinantes. As influencias, repito, veñen fundamentalmente do inglés, mais tamén do galego. No que toca ó plano léxico-semántico, a pobreza de vocabulario en calquera destas linguas resólvese brincando dunha noutra, porque (pragmática obriga) é predicible que o receptor compartira ese código mesturado.

Por outra banda, ser un centro integrado significa que acudan a el alumnos que van desde párvulos a COU, coas consecuencias que isto supón no referido á convivencia de diferentes idades, infraestrutura, etc. O profesorado adaptaciónse a esta multiplicidade: a maior

parte é español, hai dez profesores ingleses contratados e, ademais, unha profesora de galego.

No Proxecto Educativo de Centro preténdese aproveitar e respectar toda esta multiplicidade: o Deseño Curricular vai dirixido a conceder unha especial importancia ó estudio das linguas que o alumno utiliza nos diferentes ambientes (familiar, escolar e social), especialmente o castelán e mailo inglés. A presenza do inglés ó longo do proceso educativo situase no 20%, aproximadamente, na Educación Infantil e primeiros cursos de Primaria; medra, ata preto do 40 ou 50%, no resto de Primaria e Secundaria, para se colocar ó pé do 30% no Bacharelato.

Durante o curso 1993-1994, favorecidos e amparados pola Consellería de Educación de Londres, os departamentos de Galego, Inglés e Español puxemos a andar un proxecto que pretende sacar á luz a realidade das interferencias lingüísticas. Comenzamos elaborando unha enquisa socio-lingüística da que se habería obte-lo perfil do alumnado do centro. Cos resultados nas mans, faríase un segundo achegamento co obxecto de comprobar cales son as interferencias fundamentais, a que nivel lingüístico afectan, en que rexistro de fala aparecen, como se poden manexar para lles quitar máis proveito, etc. Trátase, sempre, de aproveitar esa variedade cultural e lingüística, ou sexa, deféndese unha concepción positiva do que significa a presenza de interferencias.

2. POSIBILIDADES DO TEATRO NESTE CENTRO

Soamente coñecendo estas interferencias é posible propiciar un clima no que predomine a estimación do multilingüismo e maila conciencia da súa importancia no mundo actual. Trataremos aquí das posibilidades que o teatro pode aportar nun centro así e como se poden utilizar para afondar no coñecemento e aproveitamento destas interferencias.

As actividades teatrais agrúpanse, aquí, ó redor de catro liñas:

a) As actividades extraescolares

No que toca ó teatro como actividade extraescolar, ata o de agora, orientouse cara á participación nun certame organizado pola Association for Language Learning. Este certame, que se celebra na primavera, reúne alumnos que aprenden español como segunda lingua e que participan con pezas teatrais, orixinais ou adaptadas, e con recitado de poemas e textos en prosa.

Acudir a este certame supón que os alumnos dos diferentes niveis entren en concurso cos nenos e nenas de centros ingleses que estudian español como lingua estranxeira. Trátase, xa que logo, de nenos que teñen moitas máis dificultades para falar español cós alumnos deste colexio español. Entrar en contacto con estoutros alumnos, competir e convivir con eles durante un día, supón un exercicio práctico sobre os problemas lingüísti-

cos e permite saber en que facetas cómpre insistir máis se se quere conseguir un bo dominio do idioma: eles comprobán a súa entoación, as súas deficiencias de pronunciación, os problemas que provoca a escaseza de vocabulario, cales son as posibilidades dos diferentes rexistros do idioma... Non cabe dúbida de que este tipo de informacións chega de maneira máis organizada e coherente ata o profesor; o alumno percibe todo isto dun xeito intuitivo, a reflexión a posteriori sobre aqueles aspectos lingüísticos, permitíralle mellora-la práctica diaria do idioma. Ademais, os actores poñen en funcionamento unha linguaxe do corpo propia da súa cultura, os apoios xestuais das súas palabras son, polo xeral, os dun falante inglés. Un eido do que o actor bilingüe, neste caso "biexpresivo", pode afastarse e cavilar.

Para os nenos do colexio español é importante este certame, en definitiva porque ven uns nenos que falan unha lingua que non é a deles, en todo o que significa comunicarse oral e corporalmente; pero, sobre todo, porque chegan a se decatar de que o español interesa a outros non españois, e ven, no teatro, un bo instrumento de intercomunicación.

O curso pasado o colexio presentara a este certame tres pezas curtas de teatro: a adaptación do conto popular *La muela*, polos alumnos de 6º de EXB; unha recreación dun dos contos de *El Conde Lucanor*, por parte dos de 5º de EXB; e mais unha peza curta de V. Guarínós: *Como todos los días*, polos alumnos de 2º de BUP.

Encargueime eu do grupo de teatro dos de 2º de BUP, e o ensaio da nosa obra puxo a andar unha serie de maquinarias lingüísticas que considero interesantes: no grupo conviviamos falantes do norte de España (galegas e leonesas) e meridionais (un rapaz canario e outro de orixe ecuatoriana). A experiencia resultou certamente importante no que toca á pronuncia, entoación, cambio de rexistro e mesmo o léxico. Avanzouse moito no coñecemento das outras variedades diatópicas do español, no que é norma e mais no que é uso, no que é lingua e mais no que é fala. Para min, traballar por primeira vez no teatro co *seseo* supuxo un esforzo de aprendizaxe do que debe se-la dirección escénica na escola. Con falantes de diferentes realizacións fonéticas, os exercicios de imitación e repetición, tódalas mimeses da realidade, teñen que se volver suscitar sobre a base da explicación e comprensión destes fenómenos lingüísticos.

Estas obras, ademais, ofrecéronse a todo o Colexio co gallo do Día del Libro. Por se tratar dun texto no que o público ten un papel dinámico, actuar diante duns espectadores tan diversos, desde párvulos ata COU, en sesións diferentes, supuxo, por parte dos organizadores, pero tamén por parte dos actores, un esforzo de adaptación ó receptor que resultou de gran enriquecemento. Os actores tiveron que solucionar, sobre a marcha, algúns problemas: aplausos antes de tempo, cativos que bulían pola sala e non permitían o xogo actor-espectador... Soamente o feito de saber recoñece-lo tipo de público que tes diante xa é importante, sabelo utilizar como

mellor che conveña sería o ideal.

b) O teatro como método na aula

O teatro como método na aula utilízase fundamentalmente nas primeiras etapas. Na Primaria úsase continuamente a expresión corporal; nesas idades o neno non soamente aprende a falar, senón tamén a se mover, a actuar en público. Cada lingua ten, ademais, os seus propios movementos, os seus xestos, a súa diferente utilización da cavidade bucal, a súa distinta entoación, etc., que son captados ó mesmo tempo que se aprende unha lingua. Neste sentido, creo que é moi interesante, para os alumnos de Primaria, a convivencia de profesores españois e ingleses; que ensinamo-las nosas linguas, mais tamén as nosas maneiras de sermos e estarmos.

Na Secundaria e mais no Bacharelato, o camiño máis claro para utiliza-lo teatro na aula é levalo á disciplina de literatura, non soamente porque o teatro é un tema teórico máis, senón porque axuda a se situar no espacio e no tempo de xeito pragmático.

Durante o segundo trimetre, aproveitando o tema da Novela Picaresca, realizamos, na clase de Literatura de 2º de BUP, un xuízo ó personaxe do pícaro; naquel caso, o Buscón: Cada alumno tiña un personaxe que era chamado para declarar nun proceso no que se trataba de clarear se Pablos era culpable ou inocente. Á parte doutros intereses literarios, relacionados co programa da materia, o obxectivo dramáti-

co desta actividade era o de mellora-la expresión oral e corporal, modificala de acordo co personaxe e, sobre todo, manexa-los recursos da improvisación. Tódolos integrantes do xurado podían preparar de antemán as súas liñas de actuación, pero as testemuñas e mailos acusados non sabían delas; isto imposibilita a anticipación de respostas e fortalece os recursos da improvisación. O xurado, a defensa e maila fiscalía estaban formados tamén por alumnos que realizaban, ó tempo, a avaliación final de testemuñas e acusado. Resulta interesante a utilización do mecanismo do xuízo porque deben ser os mesmos alumnos os encargados de mante-la orde na sala e tamén os responsables últimos do funcionamento da clase. Este exercicio permite, ademais, que o profesor poida utiliza-la posibilidade de se incluír no exercicio desenvolvendo algún dos papeis dramáticos. Por outra parte, é moi interesante que sexan os propios rapaces os que avalíen a proba, porque iso responsabilízaos diante dos demais e mantéñense atentos e concentrados. O feito de que o problema que se xulga lles resulte totalmente alleo, a fin de contas un suceso literario de hai máis de tres séculos, supón que non se producen enfrontamentos nin sentimentos competitivos polo asunto que se xulga. O interese lingüístico estaba en insistir sobre as variedades diafásicas e diastráticas da linguaxe, ou sexa, sobre as repercusións do contexto e maila clase social sobre a mensaxe.

Máis adiante, en colaboración co departamento de inglés, planificamos un exercicio sobre o Romanticismo, que era

máis un exercicio de escrita creativa ca un exercicio teatral, pero que puxo en marcha algúns recursos dramáticos interesantes. O exercicio consistiu na lectura de textos en prosa e na elaboración e recitado de poemas feitos por eles mesmos, de acordo con estruturas prefixadas. Colaboraron na ambientación das lecturas, na procura de música axeitada e aprenderon como se lle poden engadir á propia voz distintos sentimentos, neste caso románticos: misterio, paixón, medo, tenrura, desespero...

Por outra banda, o departamento de galego preparou a representación de *A estatua* e un anaco de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, para o Día das Letras Galegas. O obxectivo fundamental era que os nenos fillos de falantes galegos practicasen a lingua de seus pais, e fomentar e valora-lo uso dunha lingua nun contorno non sempre respectuoso coa realidade multilingüística do noso país. O galego, a súa lingua de familia, redúcese, para estes alumnos, ó uso doméstico e cotián, polo que as súas posibilidades acaban sendo moi escasas. Preparar unha representación en galego supón erguer esta lingua á categoría de lingua culta e, xa que logo, con máis rexistros e máis posibilidades de uso. Os alumnos aprenderon así vocabulario, construcións propias dun nivel moito máis coidado, e aprehendérono de maneira práctica: o mellor dos métodos.

Pretendemos preparar para o vindeiro curso algún tipo de montaxe teatral na que se aproveiten as diferentes linguas que falan os alumnos do colexio (español, inglés, galego, francés,

catalán, eusquera, alemán, etc.) e que serviría para comprobar que, no momento de nos comunicar, non hai linguas inferiores nin linguas superiores, senón vehículos de intercambio. Fariamos por converte-la Semana Cultural en algo semellante a unha Festa das Linguas.

Con motivo dunha viaxe ó Camiño de Santiago, organizada para o curso 1994-1995, proxectamos unha festa de disfraces relativa á peregrinación na Idade Media. Os alumnos valeranse da imaxinación para adaptala-roupa que levan e argallar algún tipo de disfrace. A intención é que aprendan a saca-lo mellor partido dos recursos escenográficos dispoñibles. Tratarase de combinar esta actividade cunha cea medieval, na que cada un deles ten un personaxe-arquetipo do mundo daqueles séculos, a partir do que deberá improvisa-la súa participación. Así o rei, a raíña, o cabaleiro, a dama, o labrego e maila labrega, o trobeiro, o peregrino, o abade, o bispo, o monxe, o burgués, o artesán ou o cocíneiro deberán dicir que é o que lles pasa nun día calquera das súas vidas, coas conseguíntes diferencias diastráticas no uso do idioma. Peténdese que se produza, ó remate, algo semellante a un debate sobre os problemas da sociedade estamental.

c) Clases de Drama

Neste centro, debido á necesidade de respecta-las porcentaxes de ensinanza en español e en inglés, decididas polo Consello Escolar, danse clases de

Drama en 5º de EXB e mais en 3º de BUP, tamén como un xeito de se achegar ó deseño curricular inglés. Estas clases organízanse, coma case sempre nos colexios, ó redor da representación dunha obra de teatro máis ou menos longa; ó cabo, os alumnos desexan obter resultados inmediatos, e unha peza representada responde ás súas expectativas. O alumno aprende técnicas básicas de movemento no escenario, proxección da voz, vocalización, expresión corporal, improvisación, etc. Resulta interesante, ademais que, nalgún momento, o froito destas clases fora unha representación en español dirixida por unha profesora inglesa. O esforzo e maila aprendizaxe dos nenos serán, sen dúbida, grandes, pero non han ser menos os da profesora.

No currículo inglés, o Drama é unha materia artística práctica, o que vén insistir na natureza eminentemente pragmática de todo o sistema educativo inglés. O obxectivo é o desenvolvemento das capacidades de imaxinación, coñecemento, creación e actitudes sociais do alumno, o incremento da seguridade en si mesmo á hora de se comunicar, o crecemento do interese, coñecemento e afondamento nas diferentes experiencias teatrais e dramáticas ó longo do tempo. A avaliación está condicionada polos coñecementos propios do alumno, pero tamén polos do seu grupo. Estas probas de avaliación, enormemente completas, estarán integradas por exercicios escritos e por traballos prácticos; en realidade, nos primeiros pídese unha reflexión sobre a práctica.

Insístese sempre en que o alumno que acode ás clases de drama e, intrinsecamente, moi variado e, polo tanto, débense respectar sempre as súas diferentes posibilidades. En resumo, os contidos previstos nesta materia, en ámbolos dous niveis (GCSE e A level), confírenlle unha enorme importancia á reflexión sobre o teatro, sexa na súa versión de análise da propia actuación do alumno na clase, do seu grupo, etc., sexa no que toca á análise de espectáculos ós que se debe asistir fóra da escola. A parte práctica, de igual peso específico, consiste na representación dramática dun texto diante da audiencia, o coñecemento e dominio das técnicas de produción e montaxe, o dominio dos recursos da improvisación, o coñecemento dunha serie de mecanismos e recursos relacionados co teatro que a escola considere interesantes, como poden ser a danza, a música, a maquillaxe, o vestuario, os monicreques...

d) Posibilidades fóra do colexio

No que toca ó aproveitamento de posibilidades fóra do colexio, resulta evidente que estudar ou traballar nunha cidade coma Londres ofrece una cantidade inmensa de oportunidades culturais. Teatralmente falando, contan aquí cunha oferta de enorme calidade, tanto no que se refire a espectáculos, coma á aprendizaxe.

Desde o colexio anímase ós alumnos para que aproveiten todas estas

posibilidades: organízanse visitas ó museo do teatro, ó do cine, á casa de Shakespeare, ó Globe, vaise con eles a representacións teatrais en inglés e mais en español, sobre as que despois se traballa na clase.

Londres ofrece, ademais, unha chea de escolas e de métodos para actores, máster, cursos relativos ó ensino do teatro, á súa didáctica, etc. Se nestes últimos é posible obter unha serie de ensinanzas sobre o deseño curricular da materia Drama, naqueloutros comprobouse practicamente como se aprende drama neste país. Ademais existe a posibilidade de asistir a clases de materias do nivel GCSE e A Level (Secundaria e Bacharelato no noso caso), en horario de tarde, o que permite coñecer-lo desenvolvemento do profesor na aula, os contidos, metodoloxía, obxectivos, criterios de avaliación, etc., ó mesmo tempo que se aprende expresión dramática.

3. CONCLUSIÓN

Co exposto ata aquí, quixen salientar algúns dos beneficios que a utilización do teatro pode supoñer para o ensino de linguas. Os avances son indiscutibles a nivel lingüístico: conséguense mellora-la pronuncia, a entoación, compéndense as fronteiras entre variedades lingüísticas, consolidanse as difencias de rexistro e mailos seus usos, enriquecese o léxico, corríxense os defectos morfosintácticos, clarifícanse as fronteiras entre as linguas. Non se trata de elimi-

na-las interferencias, senón de afondar no coñecemento das variadas posibilidades coas que se conta e, así, podelas utilizar con diferentes intencións.

A riqueza que supón ser bilingüe ou trilingüe no mundo actual resulta indubidable. Trátase de aprender a usar esta riqueza a prol da igualdade e mais do enriquecemento cultural.